

SUSCRIPCION


Castropol, sem estre 2 peselos. Año, 4 peselos.

En toda España, semestre 2'25. Año 4'50.

América Año 8'00 peselos.

PAGOS
ADELANTADOS

El Aldeano



LA COLABORACION

AL DIRECTOR

LA CORRESPONDEN

CIA AL ADMINIS-
TRADOR

Ramón Martínez

Periodico de informacion regional!

Se publica los días 15 y 30 de cada mes

inda nun sacáramos miga del que se publicaba na nosa fala nun periódico fundamental: *El Aldeano* de Castropol. Dende 1929 hasta 1933, cada quince días, esta publicación valú de calce d'espresión d'un peteiro de xente nova esmolida por achegar a os llabradores a cultura del llibro. Estos rapaces, mui agayosos, llevaban as rendas das actividades culturais da *Biblioteca Popular Circulante*, entidade fundada en Castropol en 1922. El llabor que fixeron nesos anos foi muito y ben novedoso porque lo fían valorando tamén a cultura tradicional y trabayando na súa difusión. Charlas, audicióis de música, teatro y guiñol na fala, concursos de gaita, demostracióis de bailes, eran dalgúas das actividades que discurriron y das que se daba noticia nas páxinas del *Aldeano* que, d'este xeito, fía tamén de boletín da Biblioteca.

Publicamos aquí un fragmento d'un artículo titulaó "Aldeanadas" que vía a ser úa especie d'editorial esplicando el porqué del periódico. Como s'ha a poder comprobar, el título nun ten nengún matiz peyorativo senón todo lo contrario. Salió nel nº 2 del *Aldeano*, el 31 d'outubre de 1929. Como era avezao daquela, el que firmaba fíalo con un seudónimo: "El Aldeano". ¿Quién era este "aldeano"? Por agora nun lo sabemos pero pódese pensar que, anque lo escribira ún d'estos mozos dos que falábamos, tamén taban detrás el resto. Vicente Loriente Cancio, Manuel Marinero Bermúdez, Claudio y Román Penzol, Agustín García, Fránc F. Prieto... son dalgúas das personas que podían ser os autores porque todos ellos colaboraban nel periódico y na biblioteca.

ALDEANADAS

El primeiro día que me presentei en público, casi toda a xente quedou bastante satisfeita de min, pero non así del meu nombre, al que muitos fixeron reparos de consideración. Unhas nenas amigas mías, que por cierto me queren ben, dixéronme en confianza: «Non debías chamarte así, porque cuando n'unha reunión de señoritas aparece un rapaz con ademanes toscos, todas decimos que e muy aldeano». Unhos señores que tamén me aprecian, dixéronme, abundando na mesma idea, que el meu nombre era pouco poético. Por fin, nunha oficina pública enfadáronse conmigo, por causa del nombre, porque, al decir d'aquela xente, el aldeano, salvo honrosas escepciois, e un ser rutinario, mal enseñado y más mal intencionado, que pensa que sempre lo van robar aunque non teña que robar, y que, pertenecendo a unha das clases que hoy vive más agusto, cree que él solo e el que trabaya y el que paga as contribucióis, a's cuales, por non saber pra que sirven, nin darse cuenta del beneficio que por elas ye devolve el Estado, considera como un latroñico que ye fai el recaudador amparado por a fuerza del Estado.

A todas estas personas quero contestar, non pretendendo convencelas de que el meu nombre seña el meyor que puido poñérseme —que pra gustos se fixeron colores y todo e según el del cristal con que se mira— sinon pra que conozan as razois que tuvo meu padrín pra bautizarme como me bautizou.

A aquelas nenas eiyas de decir, tamén en confianza, que si ben eu quero ser cortés y tratable y servicial pra con todo el mundo, non teño sin embargo, por misión a de cortejar con as señoritas, nin pretendo, nin quero, ser elemento indispensable nos bailes de sociedad. Dígoyes esto, algo fuerte, porque xa vexo por donde van: xa vexo que dan a palabra aldeano unha significación que non ten, de mal enseñado, poñéndola en contraposición con outra palabra, a palabra señor, a que tamén, non sei por qué, me parece que ye dan unha significación de ben enseñado, na práctica al menos, lamentablemente extensiva. ¡Y queren que eu pague as suas faltas de gramatical y eu non quero. Conste que eu non son d'esas personas que desprecian a finura dos ademais, dos sentimientos ou dos procederes porque carecendo de talento pra comprender estos valores non yes falta el indispensable pra sentirse molestadas cuando dan con quen las comprende. Nada d'eso: nun lenguaje de significados correutos, pódese decir que teño afición al señorío. Lo que pasa e que eu creo que as mías amigas non se fijaron nunha cousa en que eu me teño fijado, y e: que hay más señorío n'el ademán sencillo, algo primitivo y algo tosco, pero serio y digno, de algún aldeano, que na desenvoltura servil de un porteiro de librea. Y n'esta outra: que na clase burguesa, á que yes gustaría que eu pertenecese, y donde hay de todo como en todas as clases, non falta quen copia más d'este porteiro que d'aquel aldeano. Y non solo n'os ademanes. Ser señor e unha cousa muy difícil... y sin embargo pódese ser aldeano y señor al

mismo tempo, aunque esto seña muy corriente por lo mal que estos dous conceptos son entendidos casi sempre por os protagonistas; y e que el señorío sería compatible con todos os estados, incluso con el de probeza, con el de santa probeza máis que con ningún outro, queridas amigas mías, si cada un soupese comprender el sou papel y respetar el del vecín.

A os señores que me dixeron que el nombre era pouco poético non yes digo nada. Nada... porque ellos saben meyor que eu que desde que el mundo e mundo, os pintores, os músicos y os poetas buscaron —y atopáronlo— elementos de beleza pr'as suas obras maestras na vida del campo, ou, lo que e lo mismo, na vida d'a aldea; y ellos comprobán esto por si mismos n'as suas leuturas cotidianas, desde Virgilio hasta Gabriel y Galán.

Eu de min sei decir que me gustaron tanto, que non puiden menos d'aprender de memoria aqueles versos de Fray Luis de León, para fraseando a Horacio, que lin el invierno pasado nun libro d'a Biblioteca, que empezan decindo: «Dichoso el que de pleitos alejado —cual los de tiempo antiguo —cobra sus heredades no entregado —al logrero enemigo»... Ten razón. Remítome a estas autoridades.

Y ahora quedame por contestar a os señores d'a oficina pública.

Sí, eu ben sei que hay algunhos aldeanos, bastantes, que tein esos defectos que Vds. dicen; pero bueno, defeutos hailos en todas as clases sociales y... ¡claro está! ¿cómo non los ha d'haber tamén n'esta que por circunstancias históricas de que non son responsables non ta muy adelantada en cultura? Máis me extraña a min que haya xente entre Vds., a's veces, que los trate á baqueta por pouca cousa, porque el que vive inculto non ve máis alo das suas narices, pero el que se cultivou algo debe saber a distancia que recorreu, lo que subiu n'a escala humana, si e que non perdeu el tempo, y con esto xa ten unha medida, unha perspectiva que ye debe servir pra saber situarse y pra saber situar a os demás; y el que esto sabe debe evitar toda petulancia, porque debe explicarse a si mismo el por qué de cada situación. A cultura que non sirve pra esto non é cultura, y el cerebro que la guarda non é máis que unha espendeduría al por mayor ou al por menor —hasta casi sempre al por menor— de cuatro ideas valorentas, adquiridas pra revender, n'el almacén d'a Universidad. Lo que distingue al home culto d'os demás e a reflexión (...)

EL ALDEANO

El barco de la foto é el *Anciola nº 2*, qu'encallóu na Praya de Navia, ben cerquíu de Penafurada, un 19 de febreiro de 1920. Mandáballo D. Victor Lanza, de Veiga, más conócío col alcuño de *Julipote*. El barco vía cargao con trigo a granel pa la fábrica de Farina de Navia. Ua vaga de mar ben grande puido más que la máquina del buque. El trigo, como se pode ver na foto, descargóuse como búamente se puido na praya p'allixeirar asina el barco. Como a mercancía iba botase a perder, foron p'allí un feixe de vecíos del Espín, Navia, Andés y dalgús llugares más, con distintos medios —caballerías, cestas, sacos, etc.— pa llevar pa casa todo el grao que foron quén a acarretar. El temporal siguiú días despós y acabóu destrozando el barco —que, como cuase todos los d'aquella época, tía el armazón de madera— fendéndolo polla mitá contra los penedos.

✦ Francisco Fernández Peláez

